A RECICLAXE EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

CENTROS SOCIOCULTURAIS

CSC A GRACIA
CSC AMIO
CSC A ROCHA
CSC A TRISCA
CSC ALMÁCIGA
CSC CASTIÑEIRIÑO
CSC CONXO
CSC FONTIÑAS
CSC O ENSANCHE
CSC O ROMAÑO
CSC PONTEPEDRIÑA
CSC SANTA MARTA
CSC VILLESTRO
CSC VITE
CASA DAS ASOCIACIÓNS DE CORNES

CAMPUS UNIVERSITARIOS

CAMPUS NORTE - R/Vista Alegre
CAMPUS VIDA (SUR) - Praza do Seminario de Estudos Galegos

PUNTOS LIMPOS

PUNTO LIMPO MÓBIL

1º SÁB DE MES—FONTIÑAS (R/París, xunto ao hotel)
2º SÁB DE MES—PRAZA ROXA
3º SÁB DE MES—VIRXE DA CERCA
4º SÁB DE MES—RURAL (previa consulta/ solicitude ao Concello ou Urbaser)

PUNTO LIMPO DO POLÍGONO DO TAMBRE
PUNTO LIMPO DE PIÑOR

OS NOVOS MINI PUNTOS LIMPOS

COMPLEXO POLIDEPORTIVO SANTA ISABEL
ESTADIO VERÓNICA BOQUETE (SAN LÁZARO)

GRANDES VOLUMINOSOS NA RÚA

PARA A RECOLLIDA DE GRANDES VOLUMINOSOS, MOBLES E ENSERES NA RÚA, CHAMAR AO 981 565 469 DE L-V DAS 10:00 ÁS 13:00 HORAS

QUEN SOMOS?

COMPOSTELA INSERTA EIL SL **somos unha empresa de inserción laboral,** un tipo de empresa de carácter social, sen ánimo de lucro, onde combinamos a integración e a formación socio-laboral das persoas traballadoras.

Ao mesmo tempo somos unha das empresas de inserción fundadoras de **AEIGA** (Asociación de Empresas de Inserción Laboral de Galicia) actualmente integrada no Foro pola Economía Social de Galicia, coma organización representativa das EIL con vocación de representar os intereses da economía social galega.

Compostela Inserta presta diferentes servizos:

- **Recollida** gratuíta de **aceite vexetal** usado.
- **Transporte de mercadorías,** pequenos portes e mudanzas.
- Servizo de **limpeza e desinfeccións** de locais e oficinas.

MÁIS INFO EN:

compostelainserta.com
@composinserta
981 580 506 - 695 668 623
administracion@compostelainserta.com
R/ Concheiros 33, 1º - Santiago

E TI…

ONDE O BOTAS??

Compostela Inserta EIL

FUNDACIÓN José Otero - Carmela Martínez

A IMPORTANCIA DE RECICLAR

Paga a pena reciclar?

Por suposto! Reciclando evitamos que os produtos e os seus materiais se convertan en residuos, transformándoos noutros novos, alargando a súa vida útil e evitando o esgotamento dos recursos naturais do planeta.

BUSCA O COLECTOR CORRECTO!!!

Ao depositar os nosos residuos debemos asegurarnos sempre de facelo ben, no colector correcto. Se os mesturamos botamos a perder o esforzo de todos ao parar o proceso da reciclaxe, por iso debemos buscar o contedor adecuado para o noso residuo.

COMO RECICLAR AS PILAS??

As pilas son altamente contaminantes, polo que é mester seguir unha serie de regras:

- Hai que reciclar tanto as ***PILAS NORMAIS*** como as ***PILAS DE BOTÓN.***
- En Santiago podemos atopar ***UN RECIPIENTE VERMELLO*** para desbotar as pilas tanto ***EN CONTEDORES VERDES COMO AMARELOS.***
- Tamén poden ser desbotadas ***NOS PUNTOS LIMPOS, EN CENTROS SOCIOCULTURAIS, E NOS NOVOS MINI PUNTOS LIMPOS*** (Complexo Deportivo Sta. Isabel — Estadio Verónica Boquete).

O ACEITE AO CONTEDOR LARANXA!!!

Para reciclar o aceite correctamente hai que depositalo no colector laranxa, para iso tamén é mester seguir unha serie de regras:



- O único aceite que se pode depositar nos colectores laranxas é o ***ACEITE VEXETAL USADO***, é dicir, só aquel que se usa para cociñar (aceite de oliva, de xirasol, vexetal, ...).
- O aceite hai que depositalo ***SEMPRE EN BOTELLAS DE PLÁSTICO,*** xa que se se fai en botellas de cristal córrese o risco de que escache e se derrame o aceite.
- As botellas de plástico teñen que estar ***BEN PECHADAS***, para evitar posibles fugas de aceite.
- ***NON*** se poden ***DEPOSITAR*** no colector laranxa ***OUTROS ACEITES*** (aceites de motor ou industriais).
- Finalmente o aceite ***TRANSFÓRMASE EN BIODIÉSEL.***

SABÍAS QUE...?

1 litro de aceite desbotado polo vertedoiro contamina **1.000 litros** de auga!

Desbotar o aceite pola pía da cociña acaba producindo **danos nos propios sumidoiros da casa** (atascos, malos cheiros, ...), ademais de servir como alimento para cascudas e outros insectos, podendo ocasionar pragas indesexadas.

O custe económico de depurar o aceite usado que se desbota pola rede de sumidoiros é **700 veces máis caro** do que paga un cidadán polo tratamento da súa auga residual.

QUE PODEMOS LEVAR AOS CENTROS SOCIOCULTURAIS????

Nalgúns dos CSC de Santiago os cidadáns podemos depositar algúns dos nosos residuos, concretamente os seguintes:

ACEITE DE COCIÑA

PILAS

TAPÓNS

OS NOVOS MINIPUNTOS LIMPOS:

Recentemente o Concello instalou dous minipuntos limpos na cidade nas seguintes ubicacións:

- **COMPLEXO POLIDEPORTIVO SANTA ISABEL.**
- **ESTADIO VERÓNICA BOQUETE (entrada principal).**

Os residuos que se poden desbotar nestes dous minipuntos limpos son os seguintes:

- ***ACEITE DE COCIÑA USADO***

- ***PILAS***

- ***LUMINARIAS***

- ***PEQUENOS ELECTRODOMÉSTICOS***

- ***MÓBILES***

- ***TAPÓNS DE BOTELLAS/BRICKS***